

Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



CERDIDO

Admitidos/ excluídos, Tribunal e data do 1º exercicio para cubrir en propiedade unha praza de Administrativo por promoción interna.

ANUNCIO

A Alcaldía-Presidencia do Concello de Cerdido, en data 27 de setembro do 2022, emitiu o Decreto núm. 231/2022 referido ao proceso selectivo para o acceso por promoción interna a praza de administrativo.

Visto apartado 5 das BASES XERAIS E ESPECÍFICAS PARA CUBRIR EN PROPIEDAD unha praza de ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL: PROMOCIÓN INTERNA incluída no grupo de clasificación profesional C1 correspondente á oferta de emprego público aprobada por decreto do 22.10.2020.

De acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, pola presente

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos para CUBRIR EN PROPIEDAD unha praza de ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL: PROMOCIÓN INTERNA


PERSOAS ADMITIDAS	
NOME E APELIDOS	DNI
CESAR YAÑEZ CARBALLEIRA	32*****1Y

Segundo.- Elevar a definitiva a lista provisional de admitidos a non existir aspirantes excluídos.

Terceiro.- Publicar no Taboleiro de anuncios do Concello de Cerdido, na páxina web municipal e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Nomar aos membros da Comisión seleccionadora que estará composta por:

- Presidente, Manuel Larrosa Rodriguez (Concello de Ares).
- Secretaria, Yolanda Ares Bao (Concello de Cedeira).
- Vogal, Carlota Gonzalez Navarro (Concello de Valdoviño).
- Vogal, Montserrat Rodríguez Sánchez (Concello de Ares).
- Vogal, Baldomero Beceiro Alonso (Concello de Monfero).



Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00

www.cerdido.org correo@cerdido.es



Cuarto.- Os opositores deberán presentarse o vindeiro 6 de outubro do 2022 ás 13:00 horas na Casa Consistorial de Cerdido para a celebración da primeira proba conforme o apartado 3.7 das BASES XERAIS E ESPECÍFICAS PARA CUBRIR EN PROPIEDAD unha praza de ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL: PROMOCIÓN INTERNA incluída no grupo de clasificación profesional C1 correspondente á oferta de emprego público aprobada por decreto do 22.10.2020

Realizar un exame tipo test de 20 preguntas con respostas alternativas referentes ao temario comprendido no Anexo I. Puntuará un máximo de 20 puntos, sendo necesario acadar 10 puntos para superala proba. Cada pregunta puntuará un punto e as preguntas erradas ou en branco non penalizan.

Quinto.- Para a práctica do exercicio será requisito indispensable que as persoas interesadas concorran provistas do D.N.I. ou documentación equivalente, que acredite de xeito indubidable a súa identidade.

Os aspirantes non poderán introducir no espazo onde se vai realizar o exame ningún dispositivo electrónico programable, con capacidade para almacenamento de voz e/ou datos ou transmisión dos mesmos. Tampouco se permitirá o uso de reloxo que aporten algunhas prestacións equivalentes ás anteriores. Todos estes elementos deberán estar fóra do alcance dos opositores, quen ademais deberán manter os seus pavillóns auditivos despexados para a verificación de que non usan dispositivos auditivos non permitidos.

En Cerdido, a 28 de setembro do 2022.

O Alcalde

Asinado, Benigno Galego Castro.